

Suxestión dirixida ao Concello de Camariñas para que *respectando a súa autonomía local e a capacidade organizativa, valore implementar un instrumento de mediación e convivencia cidadá, que cun enfoque pacífico apoie e oriente ás partes en conflito co fin de procurar unha solución áxil e eficaz que resolva a problemática que ven producíndose dende fai tempo por mor das actividades desenvoltas nos locais, minimizando o deterioro da calidade de vida das persoas implicadas, que se perpetúen ditas condutas no tempo e que se reduzan as súas consecuencias evitando, no seu caso, recorrer a outras instancias ao tempo que se acada unha sociedade menos litixiosa*

Expediente: C.8.Q/3727/22

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2025

Sra. alcaldesa:

Esta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia dun escrito referente a molestias por local de ocio no concello de Camariñas.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- No seu escrito, o reclamante, esencialmente, pon de manifesto que:

“Teño un local de hostalería na XXX, Camariñas e levo anos sufrindo a música a todo volume na vía pública do local contiguo a meu. Reportei queixa en varias ocasións ante a alcaldesa do Concello se obter resposta, con data 25 de abril presentei no Concello un escrito que adxunto a esta queixa e a día de hoxe non tiven resposta.

A situación segue igual, este sábado 28 de maio, a música na terraza estivo a todo volume dende as 5 da tarde ata as 11:30 da noite. Parte dos meus clientes que viñan a cear, uns tiveron que facelo dentro do local e os que querían desfrutar dunha cea na terraza tiveron que elixir outro restaurante porque o ruído era realmente insoportable.

Solicito axuda de esta entidade para solucionar este conflito.”

SEGUNDO.- A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, requirindo o preceptivo informe a ese Concello de Camariñas con data do 09.06.2022 e posteriormente reiterado en tres ocasións.

TERCEIRO.- No informe remitido polo ente local con data do Concello de Camariñas, incorporado finalmente con data do 06/03/2025, faise constar literalmente o seguinte:

En relación ao expediente arriba indicado, en primeiro lugar quixera facerlle chegar a miña máis sincera desculpa pola tardanza na resposta ás súas solicitudes de información respecto do expediente C.8.Q /3727/22.

A continuación quixera poñela en antecedentes, como ben constará nese organismo, quixera reiterar o xa dito nos anteriores escritos enviados, respecto dos medios dos que dispoñemos no Concello de Camariñas para atenderás demandas desta veciña.

Este Concello de Camariñas no momento actual non conta con Policía Local dada a baixa por IT do único Axente. Alieo ás nosas competencias o Cuartel da Garda Civil, nas fin de semana atende unha área tan extensa, cando está de servizo, que lle resulta practicamente imposible atendela en condicións, por falta de efectivos.

Para poder dar apoio ao policía local (agora en baixa) co que contamos, tramitouse o Convenio para a asunción pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para as prazas das distintas categorías do Corpo da Policía Local e as prazas de auxiliares de Policial Local. Coa sinatura deste Convenio durante os meses de verán, momento en que existe mais problemática nos locais de ocio e hostalería, trataremos de contratar a un auxiliar de policía local e poder así evitar estas problemáticas, recalcar que a día de hoxe xa lle foi remitida a Administración Xeral da CCAA a oferta de emprego dunha praza de policía local, estando a espera da selección.

Ademais debemos indicarlle que a persoa que reclama, reside nunha vivenda sita na XXX, unha praza na que sitúa, un hotel rústico XXX, XXX e o XXX, nunha pequena praza o que obviamente onde hai hostalería hai problemas de ruídos, e a veces de vasos que quedan fora, ou rompen etc; tendo en conta a dificultade que supón cal é o local que xera o problema, e que incluso poder ser todos.

Tendo en conta o explicado da situación real das Forzas de Orde Público, estará con nós, que resulta extremadamente complicado poder atender nas noites das fins de semana, situacións como as descritas pola veciña que presenta a queixa.

É rotundamente certo que non temos Ordenanza de Ruídos, xa que consideramos que non tendo medios para poder facela cumprir é mellor non redactala.

Tentamos por todos os medios interceder entre ambas as dúas partes para que convivan, semella obvio que non o logramos e que nos pon nunha situación complexa para poder resolver ditos conflitos.

Asegúrolle que seguiremos tentando resolver a situación polo único medio real que si ternos ao noso alcance, o diálogo ou solución alternativa que puidera transmitirnos.

Así pois co presente entendemos que se da cumprida resposta ao solicitado por esa Institución, quedando a súa disposición para calquera aclaración que consideren oportuna ou xestión a realizar por parte desta Administración.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRA: En relación con esta mesma problemática, tramítanse e tramitáronse nesta institución varios expedientes de queixa (C.8.Q.3378/20 e 3803/20- da mesma promotora que este expediente) e recibíronse varios informes nos que dedúcese o conflito entre as dúas titularidades das actividades dos negocios de hostalería e ocio ubicados un a carón do outro na XXX de Camariñas.

SEGUNDA : No curso de tramitación deste expediente, logo dos requirimentos efectuados nas datas do 09/06/22, 24/11/22, 16/03/23 e 19/04/23, finalmente incorporouse o informe anteriormente transcrito.

TERCEIRA: No fondo desta problemática hai un problema de convivencia entre a veciñanza, ente as titularidades dos negocios. A xeración reiterada de conflitos dende xa fai tempo, vai deteriorando as relacións diminuindo de xeito considerable a calidade de vida das persoas implicadas, e por extensión da propia comunidade.

CUARTA : Ante este tipo de situacións reiteradas de conflitos, consideraríase axeitado enfocar a súa abordaxe de xeito pacífico e pedagóxico, brindando apoio ás partes implicadas, facilitando a comunicación cara a definir o problema e restaurar dalgún xeito un nivel de convivencia social aceptable.

QUINTA: Cómpre partir da consideración de que a convivencia na comunidade implica a aceptación e o cumprimento das normas sociais que fan posible o exercicio dos dereitos individuais das persoas ao tempo que se fan compatibles co exercicio dos dereitos dos demais.

SEXTA: Por elo e coa finalidade de superar as situacións de conflito xurdido, un instrumento que podería incardinar orientación e apoio, auxiliando ás partes a fin de xestionar tanto o aspecto relacional como o asunto obxecto da denuncia, sería o de dispoñer dalgún recurso público ou oficina de convivencia cidadá.

A finalidade dun instrumento desta natureza, cuxa razón de ser inicial é a de converterse nun recurso ao servizo dos Axentes da Autoridade, facilitaría a comunicación entre as persoas interesadas e constituiría unha fórmula rápida, sinxela e eficaz onde se ofrecería ás partes un tempo e un espazo para atopar algunha solución que resolva a problemática de xeito que non se perpetúe no tempo con eventuais consecuencias impredecibles.

SÉTIMA: Pola tipoloxía dos asuntos, así como pola proximidade das persoas afectadas, a mediación que se podería propoñer dende esa oficina procuraría reducir ao mínimo a burocracia e os trámites que acompañan a este tipo de procesos. Esta liña de intervención tería o propósito de conseguir con axilidade e eficiencia non so unha solución ao problema senón a consecución dun dos piares ou obxectivos fundamentais como é o de educar na convivencia.

OCTAVA: A *“Ley 7/1985, de 2 de abril Reguladora de las Bases de Régimen Local”* no seu artigo 25 di: *“El Municipio, para la gestión de sus intereses y en el ámbito de sus competencias, puede promover actividades y prestar los servicios públicos que contribuyan a satisfacer las necesidades y aspiraciones de la comunidad vecinal en los términos previstos en este artículo.”* Compre invocar así mesmo o *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales*, nomeadamente os artigos 1, 4 e 5.

A Lei 5/1997, de 22 de xullo da Administración Local de Galicia, no seu artigo 80 prevé: *“O municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar tódolos servicios públicos que contribúan a satisfacer las necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.”*

Toda vez que os entes locais para regular determinadas condutas da cidadanía ou para organizar os seus propios servizos poden ditar disposicións de carácter xeral, como serían as ordenanzas e dita potestade normativa local é unha manifestación da súa autonomía local, esta institución da Valedora do Pobo vai formular unha resolución co fin de que se atope unha vía de solución, que evite a xudicialización do conflito.

Todo elo dende a consideración por unha banda, de que a potestade de autoorganización e reglamentaria municipal constitúe un instrumento clave para encauzar as regras de xogo da convivencia cidadá satisfacendo as necesidades e aspiracións das comunidades veciñais e doutra, do respecto desta institución á autonomía municipal para a xestión dos seus intereses, acuñada pola Constitución no seu artigo 137 e pola Carta Europea de Autonomía Local en relación co artigo 140 da CE.

Por conseguinte, e sen prexuízo da labor de cooperación na resolución de conflitos privados que realiza a Policía Local no exercicio das funcións que ten legalmente atribuídas, podería valorar, a posibilidade de implantar un recurso público destinado a cooperar cos veciños e as veciñas na resolución amigable dos conflitos de convivencia que podan xurdir.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar ao Concello de Camariñas a seguinte SUXESTIÓN:

“Que respectando a súa autonomía local e a capacidade organizativa, valore implementar un instrumento de mediación e convivencia cidadá, que cun enfoque pacífico apoie e oriente ás partes en conflito co fin de procurar unha solución áxil e eficaz que resolva a problemática que ven producíndose dende fai tempo por mor das actividades desenvoltas nos locais, minimizando o deterioro da calidade de vida das persoas implicadas, que se perpetúen ditas condutas no tempo e que se reduzan as súas consecuencias evitando, no seu caso, recorrer a outras instancias ao tempo que se acada unha sociedade menos litixiosa.”

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia,



dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Reciba un atento saúdo,

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo (en funcións)